

Expediente núm.: 1501/2020

Resolución con número e data establecidos á marxe

Procedemento: CONVOCATORIA SUBVENCIONS CONCORRENCIA 2019-2020 CULTURA

Data de iniciación: 16/04/2020

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

LOGO DE VER que o Pleno do Concello aprobou a Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Ribadeo, en cumprimento do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

CONSIDERANDO que o artigo 10 da citada Ordenanza establece que se aprobarán as bases de concesión de subvencións, e a convocatoria coas bases en extracto serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

LOGO DE VER a "Proposta de bases. Subvencións Concorrenxia competitiva 2019-2020", que figuran no expediente asinadas por esta Alcaldía de data 14/05/2020

VISTO o informe de secretaría de 16/05/2020 sobre o procedemento aplicable para a concesión e o informe de intervención de 18/05/2020 sobre a existencia de crédito para a atención do gasto derivado da concesión de ditas subvencións e de fiscalización previas.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade co establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no artigo 10 da Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Ribadeo,

RESOLVO

PRIMEIRO.- A Aprobación das Bases reguladoras da Convocatoria Pública de Subvencións Municipais en concorrenxia competitiva en materia de Cultura do Concello de Ribadeo, de acordo coa seguinte:

PROPOSTA DE BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PÚBLICA DE SUBVENCIONS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE RIBADEO POLO SISTEMA DE CONCORRENCIA COMPETITIVA DA ÁREA DE CULTURA 2019-2020

1. DISPOSICIÓN XERAIS.

Estas normas teñen por obxecto establecer os criterios e procedementos para a concesión de subvencións no ámbito municipal de Ribadeo, de acordo cos principios de obxectividade, igualdade, concorrenxia e publicidade, para a prestación de servizos e a realización de actividades que complementen ou suplan os atribuídos á competencia municipal ou que, en xeral, contribúan ao fomento dos intereses peculiares do municipio de acordo co establecido na lexislación sobre réxime local (Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local; regulamento de servizos de 1955; Lei 5/1997, de Administración local de Galicia), Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza municipal de subvencións do concello de Ribadeo.

2. FINALIDADE E OBXECTO.

Esta convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os destinatarios realicen as seguintes actividades:

A realización de actividades de natureza cultural, e con carácter xeral, todas aquelas actividades de interese para os veciños e veciñas do concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social das áreas citadas.



A convocatoria destas subvencións faise ao abeiro das bases reguladoras da convocatoria pública de subvencións municipais do concello de Ribadeo, Publicadas no BOP número 248 de 29/10/2005 e das bases do Orzamento xeral 2020, publicado no BOP número 53 de 05/03/2020

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2020.334.48901 "Promoción da cultura. Transferencias correntes. Non nominativas" por un importe máximo de 14.000,00 euros.

Non serán obxecto de subvención os investimentos reais, os gastos de mantemento ordinario (luz, auga, teléfono, limpeza, etc.), e os gastos que non estean directamente vinculados á actividade realizada ou que carezan da natureza propia desa actividade.

O período que se terá en conta para a realización de actividades será durante os exercicios de 2019 e 2020, e o tipo de gastos financiados serán estritamente gastos correntes nos que incorran os beneficiarios para o desenvolvemento das súas actividades.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a realizar polo beneficiario.

3. BENEFICIARIOS/AS.

Poderán solicitar estas subvencións: as entidades e asociacións sen finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións; as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos casos, non teñan recoñecida subvención nominativa nos orzamentos municipais.

Excepcionalmente, cando a actividade teña interese para o municipio, poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións.

O fundamento do dito interese acreditarase mediante a incorporación ao expediente dunha memoria para estes efectos, emitida polo servizo municipal correspondente, que xustificará a procedencia da posible concesión da axuda.

Serán obrigas das entidades ou persoas beneficiarias:

- a) Aceptar a subvención. No caso de que os beneficiarios non comuniquen, no prazo máximo de 15 días a partir da notificación da concesión, a renuncia, entenderase que a subvención é aceptada.
- b) Realizar a actividade para a que foi concedida a subvención.
- c) Acreditar ante o Concello de Ribadeo a realización da actividade e cumprir os requisitos e condicións que teñan determinado a concesión da axuda.
- d) Someterse ás actuacións de comprobación e facilitar os datos que se lle requiran.
- e) Dar conta das modificacións que poidan xurdir na realización do proxecto, xustificándoas adecuadamente.
- f) Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade.
- g) Xustificar adecuadamente a subvención na forma que se prevé nas presentes bases.
- h) Acreditar con anterioridade á resolución de concesión, que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social.
- i) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos que sexan esixibles segundo a lexislación mercantil e sectorial aplicable ó beneficiario. En todo caso deberán dispor dos xustificantes das contas de gastos e pagos.
- j) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.



- k) Identificar convenientemente, para os efectos de difusión pública, as actuacións que se realicen.
- l) Os beneficiarios da subvención determinarán nas actividades realizadas con subvención a colaboración do Concello de Ribadeo, incluíndo o escudo ou logotipo autorizado en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado. Asemade, utilizarán o idioma galego a nivel verbal en todos aqueles actos do plan de comunicación da actividade ou comportamento.

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencións, os que incorran en:

- a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- b) Solicitar a declaración de concurso, ser declarados insolventes en calquera procedemento, acharse declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ser inhabilitados conforme á Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Dar lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa administración.
- d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas, nalgún dos supostos da Lei 12 / 1995 de 11 de maio, de incompatibilidades dos Membros do Goberno da Nación e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao Servizo das Administracións Públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5 / 1985 de 19 de xuño, do Réxime Electoral Xeral nos termos establecidos nesta ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non acharse ao corrente de pagamento de obrigacións por reintegro de subvencións nos termos que regulamentariamente se determinen.
- f) Non acharse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á seguridade social impostas polas disposicións vixentes.
- g) Ser sancionado mediante resolución firme coa perda de obter subvencións segundo a Lei Xeral Tributaria.
- h) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que xa teñan concedida unha axuda de concesión directa deste Concello para a mesma actividade.
- i) Non poderán solicitar subvención ao amparo destas bases as entidades que soliciten subvención para unha actividade que xa obtivo unha subvención do Concello de Ribadeo.
- j) Encontrarse nalgún dos supostos que impiden a obtención da condición de beneficiario sinalados no apartado 3. do artigo 13. da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

A presentación das solicitudes supón a aceptación incondicional das presentes bases e das condicións, requisitos e obrigas contidas nelas.

Non existirá a posibilidade de efectuar pagamentos anticipados e aboamentos a conta das subvencións concedidas.

A concorrencia ao proceso de concesión de subvencións implicará a manifestación tácita do consentimento inequívoco ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na Lei Orgánica 15/1999 de 13 de decembro, de Protección de Datos de carácter persoal. A finalidade da recollida e tratamento dos datos persoais será estritamente á xestión e tramitación do expediente correspondente.

4. PROCEDEMENTO E PRAZO.

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo, ben de xeito presencial, ben de xeito telemático, en función do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro. **De acordo co disposto no artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, de 1 de outubro, as persoas xurídicas como as asociacións están obrigadas a relacionarse co Concello por**



medios electrónicos

O prazo de presentación de solicitudes será de **30 días naturais** a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o seu extracto nos diarios oficiais correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice

Darase conta da convocatoria das subvencións a Base de Datos Nacional de Subvencións. A BDNS dará traslado ao diario oficial correspondente do extracto da convocatoria, para a súa publicación.

O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de subvencións de Galicia, con carácter abreviado.

5. DOCUMENTACIÓN

Deberá presentarse a seguinte documentación para a solicitude da subvención:

- a) Solicitude debidamente cumprimentada indicando a contía da subvención que se solicita. No caso de solicitudes por persoas xurídicas será asinada polo representante da entidade, asociación, ou por quen teña conferida a delegación, debendo acreditar debidamente tal circunstancia (certificación do seu nomeamento).
No caso de colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, deberá ser presentada por unha persoa nomeada polos membros do mesmo mediante un acordo do colectivo ou escrito asinado polos integrantes da comisión encargada da actividade de que se trate.
- b) Programa detallado e orzamento total desagregado da actividade a realizar. En caso de que a entidade solicite subvención por primeira vez, deberá acompañar a memoria de actividades, ou orzamento do exercicio anterior.
- c) Un exemplar dos estatutos (no caso das asociacións) ou indicación de telos presentados en dependencias municipais, indicando servizo no que se presentaron e motivo, así como declaración xurada de que non sufriron modificacións dende dita presentación.
- d) Documento acreditativo da existencia ou non de solicitudes de subvencións doutras entidades públicas ou privadas, incluída, no seu caso, subvención nominativa deste Concello.
- e) Declaración xurada ou responsable de estar o corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social así como coa Facenda Local e autorización para comprobar estes extremos, ou os correspondentes certificados acreditativos.
- f) Certificación bancaria da entidade, expedida por persoa autorizada da entidade bancaria, da conta na que se ingresará – de ser o caso – a correspondente subvención unha vez tramitada a documentación presentada, e na que deberá figurar – como persoa autorizada – o representante ou representantes da entidade.
- g) Declaración responsable de non estar incurso en ningunha das causas que determina o artigo 13.2 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

No suposto de que as actividades para as que se solicita subvención teñan sido realizadas xa á data de publicación das presentes bases, poderanse presentar conxuntamente os documentos de xustificación cos da solicitude, que serán tratados de forma independente nas diferentes fases do procedemento.

A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado levará aparellada a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesourería Xeral da Seguridade Social, a consellería competente en materia de economía e facenda da Xunta de Galicia e o propio concello.

No entanto, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, debendo presentar entón a certificación nos termos previstos regulamentariamente



6. PROPOSTAS DAS SUBVENCÍONS.

A documentación presentada polos solicitantes, a que correspondese obter ao concello como certificados de atoparse ao corrente de obrigas (que se deberán tramitar polo servizo responsable das axudas), memorias de interese para entidades foráneas, e os informes, se os houbera, serán elevados ao órgano instrutor, que será o órgano encargado de formular a proposta de outorgamento ou denegación, con indicación da contía e a partida orzamentaria que financiará a subvención. As decisións sobre outorgamento e denegación da subvención corresponde a Alcaldía ou órgano no que teña delegada a competencia.

Os criterios xerais de valoración:

- a) Interese xeral para o municipio, fomento da conciliación familiar e da integración social e cultural, 25 puntos como máximo
- b) Déficit de actividades análogas no municipio, 15 puntos como máximo
- c) Número de destinatarios os que vai dirixida, 15 puntos como máximo
- d) Dificultade de executarse a actividade sen subvención, 20 puntos como máximo
- e) Importancia e carácter público da actividade así como colaboración con eventos impulsados ou organizados polo Concello, 15 puntos como máximo.
- f) Carácter innovador da actividade, 10 puntos como máximo

7. CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS.

O órgano competente para a concesión de subvencións será o Alcalde e por delegación, a Xunta de Goberno Local. Será perceptivo informe previo do servizo de Intervención sobre a existencia de crédito dispoñible, adecuado e suficiente así como como o de fiscalización previa do gasto.

As solicitudes serán estudadas e resoltas pola Alcaldía-Presidencia, trala proposta formulada por unha comisión de Valoración constituída, segundo as previsións do artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia a modo de órgano instrutor, da seguinte forma:

PRESIDENTE: O Ilmo. Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Ribadeo ou concelleiro en quen delegue ou o substitúa legalmente.

VOGAIS: Un funcionario técnico da materia segundo a natureza da subvención.

SECRETARIO: Exercerá como secretario da comisión o da Corporación ou funcionario en quen delegue ou o substitúa.

O Presidente da Comisión poderá dispor a presenza doutros membros con funcións de asesoramento.

Corresponde á comisión de valoración formular a proposta de resolución. A proposta, **que non terá carácter vinculante**, deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que se propón a concesión da subvención, e a súa contía, debendo facer constar – de xeito expreso – a desestimación do resto das solicitudes, se e o caso, segundo os principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

Conforme ao artigo 22 da Lei Xeral de Subvencións, adxudicaranse subvencións a tódalas solicitudes que reúnan os requisitos destas bases rateando o crédito máximo en función da valoración obtida.

O importe da subvención será unha contía fixa, e conforme ao artigo 32 do Regulamento Xeral de Subvencións, a achega do beneficiario deberá cubrir ata o custe total da actividade, que deberá relacionarse no momento da xustificación. De acordo co establecido no artigo 27 da Lei Xeral de subvencións e no 61 do seu regulamento, a reformulación de solicitudes realizarase de forma automática, de xeito que, se o importe da subvención é inferior ao solicitado polo beneficiario, o orzamento subvencionado será proporcional ao da subvención concedida.



O importe das subvencións, en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras, de Administracións ou de Entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo da actividade, acción ou comportamento.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, como a modificación do orzamento da actividade, e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións outorgadas por outras Administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais poderán dar lugar á modificación da resolución de concesión.

O acordo definitivo que outorga ou denega a subvención será notificado aos solicitantes. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento non poderá exceder de un mes. O prazo computarase a partir do día en que remata o prazo establecido na convocatoria para presentalas. O vencemento do prazo máximo sen notificarse a resolución lexitima aos interesados para entender desestimada, por silencio administrativo, a solicitude de concesión da subvención. Os actos administrativos a que se refire este parágrafo poñerán fin á vía administrativa.

8. PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

O prazo de presentación no Rexistro xeral da xustificación rematará o 31 de xaneiro de 2021, salvo que de xeito motivado sexa prorrogado pola Alcaldía, podendo en todo caso presentarse en calquera momento anterior. En todo caso entenderanse presentadas en prazo as xustificacións axuntadas coa solicitude, segundo a base 5 das presentes.

De non presentar a xustificación dentro do prazo establecido nestas bases, non desistir de forma motivada dentro do mesmo prazo, ou non atender o requirimento a que se refire o artigo 70.3 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, entenderase que desiste da súa petición, entendéndose perdido o dereito ó seu cobramento, procedéndose á anulación do correspondente compromiso, por acordo da Alcaldía.

9. DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA.

Tendo en conta que a rendición da xustificación constitúe un acto obrigatorio do beneficiario é polo que unha vez finalizada a actividade, acción ou comportamento e no prazo establecido, as entidades beneficiarias das axudas deberán xustificar o cumprimento da finalidade da actividade subvencionada. **O incumprimento do prazo dará lugar á perda do dereito a percibir a subvención outorgada.**

As contas xustificativas das subvencións presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Ribadeo, coa seguinte documentación:

- Memoria de actuación xustificativa e custo total da actuación realizada, sobre o cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, concretando o nivel de logros acadados.
- Memoria económica xustificativa da actuación realizada, que conterá:

- 1.- Orzamento de gastos e ingresos da actividade
- 2.- Relación clasificada dos gastos da actuación subvencionada, con identificación do acredor e documento, importe e data de emisión.
- 3.- Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que cubran o custe total da actividade en función do orzamento presentado, sendo imprescindible que como mínimo representen a contía de tódalas subvencións e axudas públicas ou privadas declaradas. As facturas e recibos de pago, deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) O beneficiario deberá figurar obrigatoriamente como destinatario da factura.
- b) Ser orixinais ou copias debidamente compulsadas.
- c) Ter referencia de gastos xerados pola actividade obxecto da subvención.



d) Deberá expresar con detalle os bens e servizos adquiridos.
e) Cumprir cos requisitos técnicos esixidos polas leis e regulamentos que establecen as características das facturas e o seu contido, entre outros:

- Nome, razón social e NIF ou CIF de quen emite a factura.
 - IVE desagregado ou imposto correspondente; no caso de exención deberá constar expresamente na factura.
 - Nome do beneficiario da subvención (ou no seu caso ó nome do presidente ou representante da agrupación sen personalidade xurídica).
 - Descrición polo miúdo do servizo ou subministro prestado.
 - Número de factura, data de emisión e denominación de “factura”.
- Declaración responsable da entidade de que, a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión, segundo o modelo normalizado.
- Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade, segundo o modelo normalizado.
- Declaración responsable da entidade de non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado.
- Se é o caso, declaración responsable do representante da entidade de que a entidade que representa está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento para a que solicita subvención, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
- Acreditación, coa achega dos documentos necesarios, de que se incluíu a colaboración do Excmo. Concello de Ribadeo, inserindo o escudo en todos aqueles soportes que ao uso as entidades utilicen para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.

Todos estes documentos xustificantes deberán estar datados e referirse ao exercicio 2019 ou 2020.

10. PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN

O pagamento da subvención concedida farase efectivo unha vez xustificadas totalmente os gastos realizados.

Vista a documentación xustificativa presentada, e previos os informes oportunos, o órgano xestor das axudas valorará se se cumpriu a finalidade básica obxecto da subvención e neste caso propondrá que se efectúe o pago.

No caso de que a documentación xustificativa fose incorrecta ou insuficiente darase **un prazo de 10 días** para a súa corrección, de acordo co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O aboamento da subvención, unha vez aprobada a documentación xustificativa desta, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo solicitante. Non se procederá ao seu aboamento se o solicitante non está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.

11. REINTEGRO

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuro de mora desde o momento do pago da subvención, na contía legalmente establecida e previa tramitación de expediente, nos supostos do artigo anterior e nos seguintes:



- a) Incumprimento da obriga de xustificación no prazo que se establece.
- b) Obtención da subvención sen reunir os requisitos establecidos.
- c) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi outorgada.
- d) Incumprimento das condicións impostas con motivo da concesión da subvención.
- e) Negativa por parte do beneficiario as actuacións de control establecidas por parte do Concello para comprobar o cumprimento da finalidade da subvención.

12. INFRACCIÓN E SANCIÓN

En materia de infraccións e sancións estarase ó disposto no Título IV da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

13. ACTUACIÓN DE COMPROBACIÓN

Para os efectos de comprobar a realización da actividade, acción ou comportamento e do cumprimento da finalidade que determine a concesión e goce da subvención, o Concello de Ribadeo poderá realizar actuacións de comprobación cuxo alcance se estima que será do 10% do total de solicitudes concedidas. A selección das solicitudes a comprobar realizarase a través dunha mostra aleatoria segundo o número de rexistro das solicitudes que participaron no concurso.

O período de realización das comprobacións comprenderá os dous anos seguintes a partir do peche de todos os expedientes de conta xustificativa da convocatoria.

Os aspectos fundamentais a comprobar serán:

- A execución efectiva da actividade, acción ou comportamento.
- O cumprimento do obxecto da subvención.
- A conta xustificativa ata o importe da subvención concedida. Os beneficiarios están na obriga de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control, especialmente, as facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados, na relación clasificada presentada.
- Aqueles datos que pola súa natureza puideran repercutir sobre o proceso de concorrencia competitiva danando dereitos de terceiros.

13. DISPOSICIÓN FINAL.

Corresponderá a Alcaldía- Presidencia a resolución das dúbidas de interpretación das presentes bases e , de se-lo caso, a interpretación dos baleiros de aplicación das mesmas.

No non previsto nas presentes bases estarase ao disposto en:

- a) A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- b) R. D. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de Subvencións.
- c) Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.
- d) Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Ribadeo
- e) Bases de execución do orzamento e a normativa sobre delegación de competencias e atribucións dos órganos de goberno do Concello vixentes no momento da concesión.

Ribadeo, na data de sinatura electrónica

O alcalde,
Asdo.: Fernando Suárez Barcia

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE



MODELO DE SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN				
1. DATOS PERSOAIS DO REPRESENTANTE				
Nome e apelidos				DNI/CIF
Domicilio				
Localidade		Provincia		C.P.
Teléfono		Móbil		Fax
OBSERVACIÓNS				
2. DATOS RELEVANTES				
Asociación/Entidade				
Domicilio				
Localidade		Provincia		C.P.
OBSERVACIÓNS				
3. DATOS DA SUBVENCIÓN				
BASES E CONVOCATORIA DA SUBVENCIÓN			BOP N.º	
IMPORTE SOLICITADO:			euros	
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN:				
<p>Acompaño a solicitude cos seguintes documentos, de acordo co artigo 5 das bases reguladoras das axudas:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Fotocopia do CIF. <input type="checkbox"/> Documentos que acrediten a personalidade do solicitante e, no seu caso, a representación de quen asine a solicitude (copia da escritura de constitución ou modificación, copia da acta fundacional e estatutos, copia do DNI, etc.). <input type="checkbox"/> Estatutos da asociación ou entidade ou declaración xurada de telos presentado, servizo no que se presentaron, motivo, e que non sufriron modificacións <input type="checkbox"/> Declaración responsable de que quen solicita non incorre en ningunha das circunstancias que impidan obter a condición de beneficiario de subvencións públicas, establecidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións. <input type="checkbox"/> Programa detallado das actividades a realizar e para as que se solicita a subvención. <input type="checkbox"/> Orzamento total debidamente desagregado no que figure o custo das actividades propostas e as fontes de financiamento. <input type="checkbox"/> Declaración de subvencións solicitadas ou recibidas doutras entidades para o mesmo fin. <input type="checkbox"/> Certificación bancaria que acredite a titularidade de conta a favor do beneficiario ou representante da entidade <input type="checkbox"/> Certificación de nomeamento de representante para relacións co Concello asinada polo/a secretario/a da entidade co visto e praxe do/a president/a <input type="checkbox"/> Declaración responsable de estar ao corrente nos pagos á Seguridade Social e Facenda estatal e local e/ou autorización ao Concello para acreditar ditos extremos 				

Por todo isto , declaro que reúno todos os requisitos solicitados nas bases e na convocatoria da subvención, e solicito que a mesma me sexa concedida polo Concello.

En Ribadeo, ____ de _____ de 20__.

Sinatura do interesado



CERTIFICACIÓN ACREDITATIVA DA ENTIDADE DE NOMEAMENTO DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE

D./D^a con DNI nº como secretario da entidade con CIF

CERTIFICO

Que na reunión da xunta directiva (ou dos membros integrantes no suposto de comisión de festas) da mencionada entidade, celebrada o día .../.../..... acordouse nomear a D./D^a con DNI nº como representante para as relacións desta entidade co Concello de Ribadeo derivadas da tramitación da presente subvención.

Na antedita reunión acordouse asemade aceptar as bases da convocatoria ou acordo de concesión e convenio asinado no seu caso, e os compromisos que nestes se inclúen.

E para que así conste para os efectos oportunos, expido a presente certificación

....., de de 20...

O/A Secretario/a

Vº e prace:

O/A Presidente/a



PRESENTACIÓN DE ESTATUTOS DA ENTIDADE

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIF e domicilio social no concello de

Declaro baixo xuramento e baixo a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento presentou os seus estatutos en data _____, a través do rexistro de entrada da corporación con nº _____, con destino ao departamento de _____ para ser incluídos no procedemento _____.

Os devanditos estatutos atópanse vixentes e non sufriron modificación algunha dende dita data

E para que conste, asino esta declaración

..... de de 20...

O/A representante



DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE TER A CONDICIÓN DE BENEFICIARIO

D./D^a..... con DNI nº, representante da entidade con CIF nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

1. Que a entidade que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario recollidas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións, nin nas recollidas nos mesmos apartados do artigo 10 da Lei 9/2007, de xuño, de subvencións de Galicia
2. Que a entidade que represento non ten pendente de xustificación subvencións anteriores co Concello de Ribadeo
3. Que coñezo e acepto as bases da convocatoria e os compromisos que nela se inclúen
4. Que a entidade que represento cumpre todos os requisitos e obrigas da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva do Concello de Ribadeo para o ano 2018

....., de de 20_

O/A representante



DECLARACIÓN XURADA DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DAS AXUDAS OU SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS POR OUTRAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS OU PRIVADOS PARA A MESMA ACTIVIDADE

D./D^a con DNI nº, na miña condición de representante da entidade con CIF nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que non solicitamos nin nos concederon outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas para a actividade para a que solicitamos a presente subvención

Que a seguinte táboa sinala a/s outra/s axuda/s ou subvención/s solicitada/s e/ou concedida/s por outras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, para a actividade, acción ou comportamento sendo esta a mesma para a que solicitamos subvención ó Concello de Ribadeo ao amparo da convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para o ano 2019-2020.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marcar cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€
TOTAL			€

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

..... de de 20_

O/A representante,



**DECLARACIÓN RESPONSABLE DO REPRESENTANTE DA ENTIDADE DE ESTAR AO CORRENTE
NAS DÉBEDAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL**

D./D^a..... con DNI nº, representante da
entidade con CIF nº

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que a entidade cuxa representación ostento atópase ao corrente nas débedas tributarias ou de calquera outra natureza coa Seguridade Social e a Facenda estatal, autonómica e local, autorizando neste punto o Concello de Ribadeo para efectuar as comprobacións que estime oportunas para comprobar estes datos.

Asemade, que a entidade cuxa representación ostento no está incurso en causa de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa Administración e percibir subvencións da Administración pública

Para que conste para os efectos oportunos, asino esta declaración

....., de de 20_

O/A representante,



MODELO DE XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN EN CONCORRENCIA COMPETITIVA

XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN				
1. DATOS PERSOAIS DO/A REPRESENTANTE				
Nome e apelidos		DNI/CIF		
Enderezo				
Localidade		Provincia		CP
Teléfono		Móbil		Fax
OBSERVACIÓNS:				
2. DATOS RELEVANTES				
Asociación/Entidade				
Domicilio				
Localidade		Provincia		CP
OBSERVACIÓNS:				
3. DATOS DA SUBVENCIÓN				
DATA NOTIFICACIÓN DA CONCESIÓN				
IMPORTE CONCEDIDO:				euros
FINALIDADE DA SUBVENCIÓN:				
<p>Acompaño a xustificación cos seguintes documentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Memoria detallada da actividade realizada segundo modelo normalizado que inclúa unha declaración responsable da entidade de que a actividade obxecto da subvención foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a concesión <input type="checkbox"/> Memoria económica xustificativa do custo da actuación realizada que conterá: <ol style="list-style-type: none"> 1. Orzamento de gastos e ingresos da actividade 2. Declaración de gasto total e relación clasificada dos gastos da actuación, con identificador de acredor/a e documento, importe e data de emisión 3. Relación de facturas ou documentos de igual valor probatorio xunto coas facturas orixinais ou copias compulsadas delas. <input type="checkbox"/> Declaración responsable da entidade dos datos da relación detallada das subvencións ou/e axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade <input type="checkbox"/> Un exemplar de documentación e/ou propaganda escrita e gráfica relativa á actividade subvencionada que permita comprobar que se incluíu a colaboración do Excmo. Concello de Ribadeo, inserindo o escudo en todos aqueles que as entidades utilicen para darlle publicidade á actividade ou adquirir o comportamento subvencionado <input type="checkbox"/> Declaración responsable da entidade de non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, segundo o modelo normalizado e declaración responsable do/a representante de que a entidade está asumindo o custo do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), derivado dos gastos subvencionables da actividade, acción ou comportamento por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo 				

Por todo isto declaro que reúno todos os requisitos solicitados nas bases e na convocatoria da subvención, e solicito que esta me sexa concedida polo Concello.

En Ribadeo, ____ de _____ de 20__.

Sinatura do/a interesado/a,



DECLARACIÓN DOS GASTOS DA ACTIVIDADE

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIFe domicilio social no concello de

DECLARO:

-Que o custo total da actividade subvencionada soportado pola entidade para cuxa realización o Concello de Ribadeo lle concedeu unha subvención en réxime de concorrencia competitiva no exercicio 2018 mediante resolución da alcaldía de data/...../..... ascendeu ao seguinte importe:

BASE	TOTAL IVE	TOTAL

-Acompáñase o anexo nº1 de relación clasificada dos gastos realizados da actividade subvencionada.

E para que conste, para os efectos oportunos, asino esta declaración.

..... de de 20

O/A representante



RELACIÓN CLASIFICADA DOS GASTOS REALIZADOS

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

Identificación do documento	
Concepto	
Número de documento	
Acredor/a	
CIF do/a acreedor/a	
Importe sen IVE	
Importe con IVE	
Data de emisión do documento	

....., de de 20_

O/A representante



MEMORIA DECLARATIVA E EXPLICATIVA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS

D. / D.^a, na condición de representante da entidade, con CIFe domicilio social no concello de

Declaro baixo xuramento e a miña responsabilidade:

Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade, cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención e co cumprimento da finalidade da acción, comportamento ou actividade subvencionada, segundo se sinala na memoria explicativa:

DENOMINACIÓN DA ACTIVIDADE
CUSTO TOTAL DA ACTUACIÓN REALIZADA
DESCRIPCIÓN XERAL
CARACTERÍSTICAS
NUMERO DE PERSOAS BENEFICIARIAS DA ACTIVIDADE
NIVEL DE LOGRO DE OBXECTIVOS
DOCUMENTOS PUBLICITARIOS DA ACTIVIDADE
CUSTOS DESAGREGADOS

.....dede 20_
O/a representante



DECLARACIÓN DAS SUBVENCIÓNS OU AXUDAS OBTIDAS

D. / D.^a con D.N.I....., na miña condición de representante da entidadecon CIF:

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que a actividade para cuxa realización o Concello de Ribadeo concedeu unha subvención á entidade que represento segundo convocatoria de subvencións en concorrencia competitiva para 2019-2020 foi financiada ademais con:

Ningunha outra axuda ou subvención doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas.

Outra/s axuda/s ou subvención/s doutras administracións públicas, entes públicos ou entidades privadas, tal coma figura na seguinte relación detallada das subvencións e axudas obtidas para o mesmo obxecto ou actividade.

RELACIÓN DETALLADA

CONCEPTO (marque cunha cruz "X")		PROCEDENCIA	IMPORTE
AXUDA	SUBVENCIÓN		
			€
			€
			€
			€
			€
			€
TOTAL AXUDAS OU SUBVENCIÓNS			€

E para que conste, asino esta declaración.

..... de de 20_

O/A representante



DECLARACIÓN XURADA

D./D.^a, con DNI, con domicilio para os efectos de notificación en, e teléfono/s, na condición de representante da entidade, con CIF.....,

DECLARO BAIXO XURAMENTO E A MIÑA RESPONSABILIDADE:

-Que a entidade que represento desenvolveu a actividade subvencionada na súa totalidade cumprindo as condicións que orixinaron a concesión da subvención, e tal como se especifica na memoria explicativa.

-Que a entidade que represento non é debedora por resolución de procedencia de reintegro.

-Que a entidade que represento:

Si asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE), por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

Non asumiu o custo do imposto sobre o valor engadido (IVE).

Para que conste, co fin de xustificarlle a subvención concedida polo Excmo. Concello de Ribadeo á entidade que represento; mediante a Resolución de Alcaldía do ___ de _____ de 2017, polo cal se resolve o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no *Boletín Oficial da Provincia* núm. ____, para a concesión de subvencións dirixidas a entidades asociativas para a realización de actividades culturais, ano 2018 ; asino esta declaración.

..... de de 20__

O/A representante
(Sinatura)

SEGUNDO.- A publicación destas bases a través da Base de datos Nacional de Subvencións (BDNS), de acordo co disposto no artigo 20.8 da Lei Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

TERCEIRO.- Dar publicidade a apertura do período de presentación de solicitudes de subvencións para o programa anual, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello.

Mándao e asíno o ALCALDE, FERNANDO SUAREZ BARCIA, en Ribadeo, a data de sinatura electrónica en 2020; do que, como SECRETARIO EN FUNCIONES, dou fe.

Ante min

SECRETARIO EN FUNCIONES,

Asdo.: JOSE RODIL VEIGA

ALCALDE,

Asdo.: FERNANDO SUÁREZ BARCIA

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

